



Concello de **OURENSE**

Transferencias de Crédito 36-T/18
Expte. Cividas: 2018033450
TC – 36T/2018

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 02 de novembro, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Concelleiro delegado da Policía Local, mediante providencia asinada o 25 de outubro, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 13 de novembro de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,
ACORDO :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 36-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N240.1330.22703	Contrato mantemento semaforico. Control de tráfico	94.000,00 €
Total Transf. Positivas:		94.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.1330.16000	Cota patronal S. Social Seguridade e P. Civil	94.000,00 €
Total Transf. Negativas:		94.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior accidental, dou fe.

